



## **NORMATIVA PARA A REALIZACION DAS TESES OU MEMORIA DE LICENCIATURA NA FACULTADE DE CIENCIAS DE EDUCACIÓN DE OURENSE**

### **PRIMEIRO: A tese ou memoria de Licenciatura**

A memoria de licenciatura consistirá na elaboración dun traballo de iniciación na investigación sobre un tema determinado realizado no marco dun Departamento. Este traballo deberá ser realizado baixo dirección dun profesor doutor.

En caso de que o director non sexa profesor/a da Facultade de CC. Da Educación de Ourense, a Xunta de Centro nomeará a un dos seus membros que sexa profesor/a doutor/a como ponente.

### **SEGUNDO: Requisitos para a obtención do grao de licenciado**

- a) Te-lo título de licenciado.
- b) Admisión do aspirante para a realización da memoria de licenciatura.
- c) Presentar e aproba-la tese de Licenciatura.

### **TERCEIRO: Solicitude de admisión para a realización da tese de licenciatura**

1. Para a inscrición da tese ou memoria de licenciatura requirirase a súa aceptación asinada polo director da memoria de licenciatura.
2. A solicitude de admisión (modelo anexo I), dirixida ó Sr./a. Decano/a da Facultade, será entregada no Rexistro da Universidade de Vigo ou en calquera dos medios recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro; nela constará o visto e prace do Director da memoria de licenciatura.
3. Para realiza-la tese de licenciatura cómpre ser Licenciado/a en titulacións da Universidade de Vigo.
4. A solicitude deberase presentar, como mínimo, con 3 meses de antelación á data da súa lectura e defensa. Nese tempo a Xunta de Facultade ou Comisión Permanente admitirá a trámite a Tese de Licenciatura aprobando o título e o tribunal que xulgará o traballo.

### **CUARTO: Datas da lectura e defensa da memoria de licenciatura**

A data exacta para a lectura e defensa da memoria de licenciatura será fixada polo Presidente do Tribunal tendo en conta o establecido no apartado terceiro punto 4. O presidente solicitará da Secretaría do Decanato o da páxina web o modelo da acta de cualificación (anexo II).

### **QUINTO: Alumnos procedentes doutras Universidades.**

Os alumnos que teñan rematados os seus estudos noutras Universidades e desexen realiza-la tese de Licenciatura nesta Facultade deberán observa-los seguintes requisitos:

- a) Solicita-la admisión no Centro presentando:
  1. Instancia dirixida ó Sr./a. Decano/a da Facultade.
  2. Fotocopia do D.N.I.
  3. Certificación Académica Oficial na que conste que o interesado ten satisfeitos os dereitos de expedición do título.
- b) Resolta a admisión, deberá face-la inscrición segundo o procedemento establecido no apartado terceiro.
- c) Obtida a inscrición co visto e prace do director da memoria de licenciatura, o aspirante deberá solicita-lo traslado de expediente na universidade de orixe, debendo entregar na Secretaría do Centro o resguardo de pagamento de taxas de traslado.

### **SEXTO: Tribunal da memoria de licenciatura.**

O tribunal estará formado por tres membros, doutores (Presidente, Secretario e vocal). Serán propostos polo director da memoria de licenciatura.

Deberase nomear igual número de suplentes.



### **SÉTIMO: Admisión a trámite da lectura da tese de licenciatura**

1. Terminada a elaboración da tese de licenciatura, o Director da mesma deberá da-la súa conformidade e autorización para a súa presentación e lectura ante o Tribunal.
2. A partir da solicitude de inscrición, e co certificado de conformidade do director, o alumno poderá formalizar-la matrícula na Secretaría do Centro.
3. Para formaliza-la matrícula deberá:
  - a) Aboa-los prezos públicos que, por tal concepto, fixe, en cada curso académico a Xunta de Galicia.
  - b) Presentar na Secretaría do Decanato do Centro catro exemplares, debidamente encadernados, do traballo realizado.
  - c) Certificado de conformidade expedido polo director da memoria de licenciatura. Se o Director da memoria de licenciatura non é un profesor da Facultade, os exemplares depositados deberán presentarse coa conformidade do profesor da Facultade que o represente.

A matrícula non se entenderá formalizada ata en tanto non se acredite o pagamento dos prezos públicos correspondentes.
4. Dos exemplares da tese de licenciatura, un quedará na Secretaría do Centro e os restantes seranlles entregados, cunha antelación mínima de dez días á data sinalada para a defensa da memoria de licenciatura, ós membros do Tribunal.
5. O exemplar depositado na Secretaría estará a disposición de calquera profesor doutor da Facultade durante dez días, que poderá realizar observacións da mesma ante o Tribunal.

### **OITAVO: Lectura da tese de licenciatura.**

1. O Presidente convocará o Tribunal, en tempo e forma, dentro do período lectivo.
2. O alumno deberá defende-la súa memoria de licenciatura en sesión pública ante o Tribunal nun prazo de tempo que non poderá exceder de 30 días a partir da data de matrícula.
3. O candidato defenderá o seu traballo, mediante unha exposición resumida da investigación desenvolvida e durante un período máximo de 30 minutos. O tribunal poderá facerlle ó candidato as preguntas que considere oportunas.

### **NOVENO: Cualificación da tese de licenciatura.**

1. Rematado o acto de exposición e defensa da memoria de licenciatura, os membros do Tribunal, en sesión secreta, enxuizarán a calidade do traballo, procederán á súa cualificación, e asinarán a acta (Anexo II). A cualificación poderá ser: Sobresaliente, Notable, Aprobado e Suspenso.
2. As actas serán entregadas polo Secretario do Tribunal na Secretaría do Centro dentro dos dous días seguintes á lectura da memoria de licenciatura.
3. A cualificación outorgada será incluída no expediente do Alumno
4. Se o alumno procede doutra Universidade daráselle unha Certificación Académica Oficial (Anexo III) na que constará a cualificación outorgada.

### **DÉCIMO: Arquivo das teses de licenciatura.**

Unha vez aprobada a tese de licenciatura, o exemplar depositado na Secretaría do Centro será depositado na Biblioteca do Campus.

### **DISPOSICIÓN FINAL:**

Esta normativa será de aplicación ás memorias de licenciatura que se soliciten a partir do momento da súa aprobación pola Xunta de Centro.

*DILIXENCIA: Para facer constar que a presente normativa foi ratificada pola Xunta de Centro o 25 de novembro de 2004, e informada pola Asesoría Xurídica o 28 de decembro de 2004.*

*Ourense, 18 de xaneiro de 2005  
O Secretario*

*José Luis Fernández Méndez*



**ANEXO I (páxina 1/2)**

**SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DA TESE DE LICENCIATURA**

D./Dona:

D.N.I.:

residente en

rúa

Teléfono

C.P.

nº piso

EXPÓN:

Que, cumpridas as condicións requiridas para a elaboración da tese de licenciatura,

SOLICITA:

Que se inscriba co título:

Baixo a dirección do/a Dr./a D./Dna.:

para o que consta co seu visto e praxe reflectido na páxina 2.

Ourense, a        de                    de 200\_\_

O/A interesado/a

Asdo.:

SR./A. DECANO/A DA FACULTADE DE CC. Da EDUCACIÓN DE OURENSE



**ANEXO I (páxina 2/2)**

*(A cubrir polo/a Director/a da Tese de Licenciatura)*

D./Dna.

Acepta dirixi-la tese de licenciatura proposta na solicitude  
por D./Dna. D.N.I.  
e dá o seu visto e prace.

A composición do Tribunal será a seguinte:

- Presidente: Dr./Dra.
- Secretario/a: Dr./Dra.
- Vocal : Dr./Dra.

SUPLENTES:

- Presidente: Dr./Dra.
- Secretario/a: Dr./Dra.
- Vocal : Dr./Dra.

OURENSE, a      de      de 200\_\_

Asdo. O/A Director/a da Tese de Licenciatura:

**Visto e prace** do/a profesor/a doutor/a que o/a represente

(no caso de que o/a Director/a da memoria de licenciatura non sexa doutor/a da Facultade de CC. Da Educación de Ourense)

Asdo.:

SR./A. DECANO/A DA FACULTADE DE CC. Da EDUCACIÓN DE OURENSE



## ANEXO II

### ACTA DE CUALIFICACIÓN DE TESE DE LICENCIATURA

Ten lugar o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_ a sesión pública de presentación e lectura da tese de licenciatura titulada

polo/a alumno/a  
D.N.I.

actuando como director/a D./Dna.

O Tribunal componse dos/das seguintes Profesores/as:

- Presidente: Dr./Dra.
- Secretario/a: Dr./Dra.
- Vocal: Dr./Dra.

A sesión de defensa e lectura da memoria de licenciatura desenvólvese segundo a normativa fixada pola Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

O Tribunal acorda cualifica-la tese de licenciatura con

E para que conste, asíñase a presente en Ourense, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_

O/A PRESIDENTE

O/A SECRETARIO/A

O/A VOCAL

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:



### ANEXO III

## CERTIFICACIÓN ACADÉMICA OFICIAL

D./Dna.

Secretario/a da FACULTADE DE CIENCIAS DE EDUCACIÓN DE OURENSE

CERTIFICO que

D./Dna.

natural de

data de nacemento

D.N.I.

Licenciado/a na titulación de

Obtivo o GRAO DE LICENCIADO/A nesta Facultade coa TESE DE LICENCIATURA de título:

Data de presentación

Cualificación:

E para que así conste, e por pedimento do interesado/a, asino a presente en Ourense,  
a de de 200\_\_

O/A DECANO/A

O/A SECRETARIO/A

O/A XEFE DE ADMÓN.

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.: